IDEAS
IDEAS PARA UNHA posible HOMILÍA CON NENOS
22 XUÑO 2025

Corpus: Ofrézoche os meus pans e os meus peixes cada día

1.A festa do Corpus Christi

- Celebramos a festa do Corpo e do Sangue de Cristo, é dicir: que Xesús está **VIVO e PRESENTE** na Eucaristía. Cada domingo, cada día, encontrámolo moi cerca, porque El segue connosco…

Sabías isto? Que te suxire isto ?

2. XULGAR: Multiplica os meus pans para saciar de Pan

- S. Paulo recórdanos **como celebraban eles a eucaristía, en "memoria" de Xesús.** No evanxeo, Xesús, dá de comer a unha multitude con 5 pans e 2 peixes que compartiron os apóstolos, tras bendicilos.

QUE NOS QUERE DICIR?

Xesús segue vivo hoxe entre nós na eucaristía que celebramos os cristiáns: no Pan e o Viño que consagran os sacerdotes.

- Nós necesitamos alimentarnos para estar fortes. Pero ás veces comemos **"comida lixo".** Sabedes o que é? Esas comidas que compramos, que parece moi atractiva, énchenos pero non alimenta, ten moito azucre, graxa, sal

e calorías. Os deportistas e a xente sa foxe de lambetadas, patacas, refrescos… que só crean graxa…

- Os cristiáns temos un **alimento de calidade**, que nos alimenta de verdade, fortalece o noso espírito… Cal é? A Eucaristía, que nos **UNE A XESÚS** e con El todo podémolo. Xesús quere que a ninguén falte o "Pan de Vida", para que a súa fe sexa forte. Pero ás veces conformámonos con outras **"lambetadas" que non alimentan** a nosa felicidade… Cales?

- Pero Xesús quere ademais que os que comemos xuntos na Eucaristía **VIVAMOS UNIDOS** aos que nos necesitan. Como? Compartindo os 2 pans e os 2 peixes que teñamos, xa que o que se comparte multiplícase e chega para todos. Hai moita xente necesitada do PAN do Amor…

Por que necesitamos da Eucaristía?

3. ACTUAR: Reza a Deus

- **No te esquezas en verán de** alimentarte na Eucaristía cada domingo: non hai vacacións para o teu espírito. E comparte, suma, multiplica, dá…

- Ofrécelle a Xesús cada día da semana os **teus pans e peixs,** comparte o pouco que tes, para El multiplíqueos e así entre todos podamos saciar de PAN de AMOR a terra. Informádevos do que fai Cáritas.

- Visitar o Sagrario en silencio esta semana e dicirlle a Xesús: "Grazas por quedarte comigo. Quero amarte máis cada día."

Que imos facer?

LECTURAS

XÉNESE 14, 18-20: *Ofreceu pan e viño.*

SALMO 109:

Ti es sacerdote eterno, segundo o rito de Melquisedec.

1ª CORINTIOS 11,23-26: ***Cada vez que comedes e bebedes, proclamades a morte do Señor.***

Irmáns:

Eu recibín unha tradición, que procede do Señor e que canda min vos transmitín: que o Señor Xesús, na noite en que ía ser entregado, tomou pan e, pronunciando a Acción de Grazas, partiuno e dixo:

«Isto é o meu corpo, que se entrega por vós. Facede isto en memoria miña».

O mesmo fixo co cáliz, despois de cear, dicindo:

«**Este cáliz é a nova alianza** no meu sangue; facede isto cada vez que o bebades, en memoria miña».

Por iso, cada vez que comedes deste pan e bebedes do cáliz, proclamades a morte do Señor, ata que volva.

Palabra do Señor. **R/. Grazas a Deus**

LUCAS 9, 11b-17: *Comeron todos e saciáronse.*

Narrador: Naquel tempo, Xesús falaba á xente do reino e sandaba aos que tiñan necesidade de curación. O día comezaba a declinar. Entón, achegándose os Doce, dixéronlle:

Doce: -«Despide a xente; que vaian ás aldeas e casaríos de ao redor a buscar aloxamento e comida, porque aquí estamos en claro».

Narrador: El contestoulles:

Xesús: -«Dádelles vós para comer».

Narrador: Eles replicaron:

Doce: «Non temos máis que cinco pans e dúas peces; a non ser que vaiamos comprar para comer para toda esta xente».

Narrador: Porque eran uns cinco mil homes. Entón dixo aos seus discípulos:

Xesús: -«Facede que senten en grupos duns cincuenta cada un».

Narrador: Fixérono así e dispuxeron que sentasen todos. Entón, tomando el os cinco pans e os dous peixes e alzando a mirada ao ceo, pronunciou a bendición sobre eles, partiunos e íallos dando aos discípulos para que llos servisen á xente. Comeron todos e saciáronse, e recolleron o que lles sobraba: doce cestos de anacos.

Palabra do Señor. **R/. Loámoste, Cristo**

(Narrador-Xesús-Doce)